

Plano de Estabilidade, tanto agardar para isto!

A **CIG-SAÚDE** rexeita un plano de estabilidade con **438** prazas, cando as prazas vacantes no SERGAS desde o ano 2010 son máis de **2.500**

Na reunión de Mesa Sectorial celebrada hoxe, día 17 de marzo de 2017, abordamos o intento de negociar o Plano de Estabilidade do Emprego no SERGAS, plano que viñamos demandando desde o mes de outubro, e que o SERGAS presenta hoxe con **438 prazas!**

Para que a **CIG-SAÚDE** poida aprobar o Plano de Estabilidade do Emprego **queremos un censo real do persoal temporal**, para poder comprobar se o que pretende o SERGAS é recuperar as 2.652 prazas vacantes desde o ano 2010, ou un Plano de Emprego que consolide a destrución de postos de traballo na Sanidade Pública.


Desde a CIG-SAÚDE esiximos un censo de profesionais con:

→ **Relación de persoal interino por cada unha das áreas sanitarias.**

No que se recollan as prazas das áreas sanitarias de O Barco, Monforte, O Salnés e Burela. Por categorías profesionais, e na categoría de FEAs disgregado por especialidades.

→ **Relación de persoal con vínculo de servizo determinado** de cada unha das 11 áreas sanitarias, por categorías, e por especialidades médicas.

→ **Relación de prazas estruturais cubertas con vínculos temporais**, tamén de cada unha das 11 áreas sanitarias, categorías e especialidades.



Se as prazas a estabilizar que propón o SERGAS son 438 prazas, e as vacantes producidas desde o ano 2010 (Plano de Ordenación de RRHH) son 2.652, **entón o SERGAS só pretende estabilizar o 16.51% das prazas vacantes.**

E para isto quere Feijóo que a oposición aprobe os Orzamentos do Estado? Para seren **cómplices na destrución de emprego na Sanidade Pública?** Que doado sería entón privatizala!

Sr. Feijóo, tanto que lle gusta falar do goberno bipartito, ímoslle lembrar o que fixo ese goberno:

▶ **OPE 2006** convocada polo goberno bipartito: **2.722 prazas** convocadas.

▶ **OPE 2008** convocada polo goberno bipartito: **3.913 prazas** convocadas.

**Se queren, con vontade política,
poden acabar coa precariedade no SERGAS**

Outro Plano de Estabilidade é posibel !



S A Ú D E

<http://www.cig-saude.info>